



CONCELLO DE POIO

Ref:MC

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, NÚMERO TRESCENTOS NOVENTA E TRES, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DIA DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL SETE.

Na Casa do Concello de Poio, ás trece horas e cinco minutos do día dezaseis de xuño de dous mil sete, para dar cumprimento ao que se dispón nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral e artigo 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, referentes á Constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, reuníronse, en sesión pública, os Srs. Concelleiros Electos nas Eleccións Locais realizadas o día vinte e sete de maio de dous mil sete, sendo os que seguen: **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:** D. Luciano Sobral Fernández, D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. María Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo e D. Miguel Anxo Pazos Barros **PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBREIRO ESPAÑOL:** D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luis Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González **PARTIDO POPULAR:** D. Javier Domínguez Lino, D^a. María Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. María Irene Ligerio Iglesias, D. Miguel Angel Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; asistindo como Interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez, asistidos polo Secretario Provisional, D. Jacobo Barreiro Pimentel, o que fai constar que por todos os concelleiros electos cumprimentáronse os requisitos que preceptúan os artigos 7, 30 e 31 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entregándose na Secretaría do Concello as credenciais e as declaracións de intereses e incompatibilidades, como trámite previo legal para este acto.

2993.- CONSTITUCIÓN DO CONCELLO E ELECCIÓN DE ALCALDE. FORMACIÓN DE MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A PROCLAMACIÓN DE ALCALDE.- Seguidamente procédese a formar a mesa de idade entre os asistentes, que quedou constituída por D^a. María Luz Senra Lorenzo, concelleira de maior idade e que pasa a presidila e polo menor de idade D. Ángel Moldes

Martínez, e actuando como Secretario da mesma o que é Secretario da propia Corporación.

Unha vez constituída a mesa de idade e comprobada a personalidade dos electos, con base ás credenciais presentadas e Documento Nacional de Identidade, as que coinciden coa certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da antedita Lei Orgánica e 37.4 do devandito Regulamento, pola mesa declárase constituída a Corporación, previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa por cada un dos Srs. Concelleiros asistentes, segundo dispón o artigo 108.6 da Lei Orgánica Electoral, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Procédese de seguido, de acordo co que dispón o artigo 106 da repetida Lei Orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, resultando proclamados os 3 primeiros da lista que obtiveron representación nestas eleccións locais e que son os seguintes: D. Luciano Sobral Fernández, D. Javier Domínguez Lino e D^a. Consuelo Besada Lores.

ELECCIÓN DE ALCALDE.- Acto seguido procédese á elección de Alcalde iniciándose a votación secreta, por medio de papeletas, que se foron depositando na urna disposta ao efecto, procedéndose a continuación ao cómputo dos votos obtidos, que foron os que seguen: D. LUCIANO SOBRAL FERNÁNDEZ: 10 votos, D. JAVIER DOMÍNGUEZ LINO: 7 votos e D^a. CONSUELO BESADA LORES: 0 votos.

E como queira que D. Luciano Sobral Fernández obtivo a maioría absoluta, resultou elixido Alcalde deste municipio, prestando promesa segundo a formula legal mencionada, tomando posesión do seu cargo neste mesmo acto, entregándolle o bastón de mando a Presidenta da Mesa D^a. María Luz Senra Lorenzo, pasando o novo Alcalde a ocupar o seu posto na Presidencia.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO Ó PATRIMONIO MUNICIPAL.- E seguidamente polo Secretario Provisional do Concello dáse conta á nova Corporación da acta de arqueo extraordinario con referencia ao 15 de xuño de 2007, o que resulta unha existencia no Orzamento Ordinario, na Caixa da Corporación de 686,66.- euros. e en Bancos 7.264.879,06.- euros; dándose conta igualmente polo Secretario do Concello do último inventario do patrimonio municipal aprobado polo Pleno de 29 de maio de 2007, que ascende a un activo de 6.429.659,54.- euros e un pasivo de 6.239.940,86.- euros, e un patrimonio líquido de 189.718,68.- euros; de todo o que queda enterada a Corporación Municipal.

De seguido polo Sr. Secretario dáse lectura ó artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e artigos 211 e 212 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, sobre as actuacións

da nova Corporación dentro dos 30 días seguintes, do que quedan enterados todos os asistentes.

Ao final do acto a Sra. Besada Lores sauda e felicita aos membros da nova corporación; agradece, en nome do Partido Socialista de Poio, o interese e participación dos cidadáns porque é bo que se participe en política, pero sobre todo en política municipal.

Agradecer tamén a todos os cidadáns de Poio a súa participación nas eleccións do 27 de maio, independentemente da opción política, porque esa participación demostra interese e demostra preocupación polo municipio e en especial aos votantes do Partido Socialista de Galicia, que contribuíron deste xeito, a respaldar o noso programa que elaborado coa única finalidade de servir a todos os veciños e mellorar os servizos que dispensa o concello.

Froito desa confianza o Partido Socialista acadou tres concelleiros, que a partir de agora, porán todo o seu empeño en que o noso municipio mellore e impulsaremos todo aquilo que signifique novos tempos para Poio.

O noso partido mantivo conversas coas outras dúas forzas políticas, porque entendemos que o diálogo é a base da democracia, polo que agradecemos o seu interese en falar connosco.

Por último dicir, que aínda que existen cuestións que non fan posible anunciar un goberno de maioría estable, o partido socialista decidiu votar polo candidato D. Luciano Sobral Fernández para a Alcaldía como a opción que máis se aproxima aos principios do noso partido. Facémolo dende a responsabilidade e a demanda de conseguir para Poio a mellora dos servizos e a calidade de vida, ao respecto da tipoloxía do noso municipio, un urbanismo máis racional e acordo co medio ambiente, a mellora das nosas infraestruturas e responder axeitadamente ás demandas plantexadas e que plantexen os cidadáns. Moitas Grazas.

A continuación, o Sr. Domínguez Lino dá a benvida aos novos compañeiros do partido e da corporación.

En primeiro lugar, como partido maioritario en votos, dámoslle a noraboa pola elección de alcalde ao Sr. Sobral.

O Partido Popular quere recalcar que foi o gañador das eleccións, tivemos o 39,3 % dos votos, subindo dous concelleiros e 766 votos máis con respecto ao ano 2003.

O BNG que é o partido que vai gobernar Poio, foi o gran perdedor destas eleccións, foi o único partido que perdeu votos (836 con respecto ao ano 2003) e foi o único partido que perdeu concelleiros.

Polo tanto entendemos dende o PP que os veciños, cos seus votos pediron un cambio de goberno e de alcalde, un cambio que non se produciu, sendo o Sr. Sobral Alcalde e sendo ao mesmo tempo o gran perdedor das eleccións municipais.

O P.P. comprométese a seguir facendo unha oposición forte, unha oposición construtiva e unha oposición de control e fiscalización da actuación do goberno.

Dende logo que apoiaremos e realizaremos propostas para o ben xeral de todos os veciños e toparannos defrente coas nosas denuncias públicas cando se intenten facer obras ou propostas para beneficio dunha ou de determinadas persoas.

Queremos que todos os veciños teñan os mesmos dereitos e obrigas, que non haxa veciños de primeira e veciños de segunda, como ocorreu nestes últimos anos.

En definitiva, dicir que nos quedan moitos retos importantes nesta nova lexislatura e que o Partido Popular coa forza dos seus votos e sendo outra vez a primeira forza política en Poio, actuará con sentido común buscando sempre a mellora da calidade da vida e dos servizos de todos os veciños de Poio.

Dende o Partido Popular queremos agradecer publicamente a todos os veciños o apoio que nos brindaron nestas eleccións, onde co respaldo maioritario que obtivemos deronnos máis forzas para seguir traballando na mesma liña que ata o de agora. Moitas Grazas.

A continuación, intervén o Sr. Alcalde agradecendo aos novos membros da corporación e aos veciños a asistencia a un acto tan importante, grazas ao PSOE, pola súa vontade de chegar a acordos maioritarios para facer unha xestión de acordo cos intereses dos veciños, uns veciños que piden unha forza nacionalista e de esquerdas, tamén teño que dicir que unha cousa son as eleccións e outra a elección do alcalde na que esta alcaldía obtivo dez votos contra sete, farei o posible por formar equipo para acercar posturas e executar o programa de goberno. Imos gobernar para todos os veciños sen diferenzas, poderemos equivocarnos pero a pesar disto o concello é transparente, aberto, aproveito tamén para agradecer o apoio da cidadanía a pesar da diferenza de votos que tivemos co PP que aproveitou para facer unha lectura partidista dos resultados, sen embargo, eu fago outra lectura e é que a corporación refórzase con tres grupos e non cos catro que había até o de agora, temos que recoñecer que o BNG non acadou os obxectivos que tiña que revalidar, pero entendemos que Poio ten unha maioría social que vota de esquerdas e dentro de catro anos a diferenza coas forzas da dereita será maior, pois verán que se pode chegar a acordos e gobernar, aproveito tamén para animar a todos a traballar en común, e acadar así os obxectivos da corporación, remato a miña intervención destacando a gran satisfacción que me produce ser o Alcalde de todos os veciños deste Concello, do meu Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte hora e cinco minutos, da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretario, dou fe.